



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G007/000017

CERTIFICACIÓN

JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 20 de outubro do 2022 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<8º.-Aprobación de contratación da obra incluída no POS+2022 Senda peonil Veigue-Límite Concello.

1.- Aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra de Senda peonil Veigue-Límite Concello, incluída no POS+2022, segundo proxecto redactado polo Enxeñeiro D. Alejandro Peña López, cun presuposto base de licitación de 207.444,97 euros (prezo sen IVE: 171.442,12 euros, IVE: 36.002,85 euros) e un valor estimado de 207.444,97 €, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adjudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 453.60900 proxecto 2022 2 19 1 1 do Presuposto municipal.-

3.- Aprobar o correspondente cadro de características que xunto co o prego tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación o 26/02/2021, rexerán a preparación e desenvolvemento do contrato.-

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante publicación no Perfil de Contratante (contrataciondelestado.es) do anuncio de licitación e demais información establecida no artigo 63 da Lei de Contratos do Sector Público, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.-

5.- A Mesa de contratación estará formada por: -o Alcalde Oscar Benito Portela Fernández, como Presidente, ou concelleiro en quen delegue - a Secretaria da Corporación, D.^a M.^a del Carmen Seoane Bouzas, ou a quen se nomee como acctal. - o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto, ou a quen se nomee como acctal, - o Arquitecto municipal, D. Andrés Varela Parafita ou o Enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto e un funcionario de Secretaría D. Pablo Vázquez Pita ou D.^a M.^a Belén Novo Reimúndez, como secretario/a da Mesa.

6.- Designar como responsable do contrato o director da obra, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares>>.

E para que conste e para os efectos oportunos expido este certificado asinado dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 20 de outubro do 2022.